

BOLETÍN

# AGOSTO 2017



## SITUACIÓN DO EMPREGO NO SECTOR DEPORTIVO DE GALICIA

A contratación no sector deportivo en Galicia experimentou un ascenso nos últimos tres anos, segundo o estudo sobre o tema publicado na Revista Española de Educación Física y Deportes do Consejo COLEF e asinado por **Kevin Rodeiro, Vicente Gambau e Roberto Silva**. A análise pretende paliar a falta de información sobre o mercado laboral neste sector e constata unha tendencia ascendente nos grupos primarios de instrutores de actividades deportivas, adestradores e árbitros, mentres que o número de contratos descendeu no ámbito dos directores e xerentes de actividades deportivas. A temporalidade, en cambio, afecta máis aos instrutores de actividades físicas que ao colectivo de dirección e xerencia.

A contratación é maioritariamente masculina, salvo no caso do profesorado, e por idades o perfil sitúase entre os 26 e 35 anos, agás nos mestres de FP, no que é superior no tramo de 36 a 45. Os contratos para maiores de 45 anos son sobre todo de directores e xerentes.

A pesares da tendencia á alza nas contratacións e a diminución das demandas de emprego, hai que salientar que as ocupacións nas que máis medra a contratación son aquelas con menor salario e máis temporalidade (instrutores e monitores de actividades recreativas), unha situación que o COLEF considera imprescindible revertir. O estudo completo pódese consultar completo desde [aquí](#).



## CELEBRACIÓN DA SEMANA EUROPEA DO DEPORTE E CONVOCATORIA DOS PREMIOS #BEINCLUSIVE

---

Do 23 ao 30 de setembro a Comisión Europea organiza a Semana Europea do Deporte (SED), unha iniciativa que tenta promover o deporte e a actividade física a través de actividades desenvolvidas na contorna educativa, o traballo, o aire libre e os clubs deportivos e ximnasios. Para inscribir un proxecto na SED hai que se dirixir ao Consejo Superior de Deportes. Este organismo pon a disposición dos interesados o teléfono 915 896 763, para asesoramento ou axuda e conta tamén cunha plataforma de rexistro para as devanditas iniciativas. Estas pódense desenvolver a nivel europeo, nacional, regional ou local.

Por outra banda, ata o 15 de setembro está aberto o prazo para optar aos premios europeos #Beinclusive, o mesmo lema elixido para a Semana Europea do Deporte. Trátase dunha iniciativa para recoñecer o traballo das organizacións que utilizan o deporte para lograr a inclusión social e para rachar as barreiras e obstáculos que poden atopar as persoas desfavorecidas.



## BENVIDA AOS NOVOS 47 COLEXIADOS DE 2017

---

Pablo Álvarez Rodríguez, Roberto Martínez Trigo, Iván Fernández Fernández, José Manuel Vicente dos Santos, Marta Cochón Rial, Darío Gerpe Meirás, Thais Rodríguez Pérez, Antonio Álvarez Otero, Josefina Maestu Almeida, Javier Vilas Pérez, Óscar Romero Chouza, Eduardo Lamas Sánchez, Alejandro Polo Lugilde, Carmen Alsina Santasusana, Javier Fernández Pereira, Pablo Alén Feal, Carlos Leirós Rodríguez, Diego Fariña Varela, Angeles Darriba Fernandez, Marina Castro García, César Fernández González, Francisco Cortegoso Díaz, Miguel Sánchez Seara, Jorge Rivas García, Alba González Palomares, José Gonzalo Fernández Turrado, Sofía Mosteiro Losada, Rafael García Pérez, Rubén Insua Díaz, Carla Da Silva Castro, Mario Iglesias Caamaño, Marco Antonio Gión López, Angel Bosch Ferreiro, Rodrigo Rivera Castro, Gabriel Domínguez dos Santos, Tania Elizabeth Álvarez Yates, Alberto Figueira Rodríguez, Darío Rodríguez González, José Luis Otero Arias, Víctor Antonio González Carazo, Enrique Fernández García, Miguel Barros Santos, Jorge Casal Casal, Susana Costas Pena, Sara González Rivas, Daniel Nuñez Fernández, Pablo Suárez Díaz.

## A RESPONSABILIDADE CIVIL DO EDUCADOR FÍSICO

A Revista Española de Educación Física y Deportes do Consejo COLEF publica un editorial do vocal de atención e participación, **Alexandre Fernández Fernández**, no que fala da responsabilidade civil do educador físico. O autor apunta que á hora de planificar o seu traballo, o educador físico ten que ter en conta que do desenvolvemento da súa actividade pódese derivar un dano ou prexuízo do que teña que responder pola vía civil, contencioso-administrativa e ata penal. Por este motivo é necesario incluír unha área de xestión de riscos que teña cubertas estas continxencias.

Cada ano prodúcense sinistros de diferente gravidade non só en espazos deportivos convencionais senón tamén nos que non o son: parques, praias, ríos, etc. onde tamén desenvolve o seu labor o educador físico. De aí que o Consejo COLEF e os colexios autonómicos teñan para os seus membros un **seguro de responsabilidade civil** cunhas condicións que son cada vez mellores. Na actualidade, o acordo do Consejo COLEF é coa compañía Caser Seguros e ten uns límites máximos de 2.000.000 euros por sinistro e 10.000.000 euros por ano.



### ALTA DE COLEXIACIÓN GRATUÍTA ATA O 1 DE DECEMBRO

Este é o momento para se dar de alta no COLEF Galicia se aínda non es un de nós.

Desde o 1 de setembro e ata o 1 de decembro a alta de colexiación é gratuíta. Xa somos case 800 e cantos máis formemos parte da organización máis forza terán as nosas reivindicacións e iniciativas. Colexiarse ten ademais moitas vantaxes a través de acordos con outras entidades e rebaixas na matrícula para diferentes actividades formativas.

## O SERGAS ALERTA DO PERIGO QUE SUPÓN O SEDENTARISMO PARA A SAÚDE

---

O Sergas vén de alertar a máis de 84.000 galegos de que a vida sedentaria está a poñer en perigo a súa saúde. Nunha poboación diana de 173.000 persoas, os médicos detectaron **problemas de gravidade en 4.350 doentes**, derivados precisamente da falta de actividade física. Enfermidades directamente relacionadas con estes hábitos, como a diabetes ou as cardiopatías, custan á sanidade galega máis de 235 millóns de euros cada ano.




### EVENTOS E FORMACIÓN

**Máster de preparación física e readaptación deportiva.** Organiza a Universidad Católica de San Antonio de Murcia. Comezo: Outubro. Desconto dun 20% no prezo da matrícula para colexiados. [+información.](#)

**II Xornada A saúde en todas as políticas. Plans locais de saúde e avaliación do impacto en saúde.** Organizan a Consellería de Sanidade, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Salón de actos da EGAP, 3 de outubro. Inscripción gratuíta. [+ información.](#)

**Máster oficial en xestión empresarial do deporte.** Organiza a Universidade de Vigo durante o vindeiro curso, os venres e sábados ata o mes de abril. [+información.](#)

---



## CONVERSA CON RUBÉN GERPE

O noso Colegiado Rubén Gerpe vén de poñer en marcha co fisioterapeuta Sergio Pousada un centro de adestramento individual e para grupos en Arteixo. Baixo a denominación **sr Sinerxía**, o proxecto tenta mellorar a calidade de vida dos clientes instaurando mecanismos que lles permitan levar un estilo de vida saudable, todo cunha grande calidade profesional. O valor da multidisciplinariade é unha das súas conviccións. Podedes ver toda a entrevista [aquí](#).

Edificio FEUGA. Despacho 20  
Lope Gómez de Marzoa s/n. 15705 Santiago de Compostela  
981 553 363 - [www.colefgalicia.com](http://www.colefgalicia.com) – [colef@coleggalicia.com](mailto:colef@coleggalicia.com)



**Colexio Profesional da Educación Física e do Deporte de Galicia**  
Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Edificio FEUGA. Despacho 20. 15705. Santiago. A Coruña  
[colef@coleggalicia.com](mailto:colef@coleggalicia.com) - 981553363

O contido deste correo e os documentos adxuntos vai dirixido exclusivamente ao seu destinatario. Dado que pode conter información confidencial, suxeita ao segredo profesional cuxo uso non está permitido, en caso de recibilo por erro, pregámoslle que nolo notifique e o elimine inmediatamente. Conforme ao disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 34/2002 de 11 de xullo, os servizos da sociedade da información e do comercio electrónico, pode revogar en calquera momento o seu consentimento para a recepción de publicidade ou correo promocional ou outros medios de comunicacións electrónicas a través do envío de un correo co asunto "Baixa correo comercial", ao seguinte enderezo [colef@coleggalicia.com](mailto:colef@coleggalicia.com)